B A N D O

Compostela celebra o primeiro Ano Xubilar do século XXI cuns visitantes de excepción, as Súas Maxestades, que compartirán connosco e cos milleiros de visitantes e peregrinos a festa grande de Galicia, a festividade do Apóstolo Santiago e do Día de Galicia.

Humilde peregrina hai ben poucos días, a Raíña Sofía, a nova visita das Súas Maxestades referenda o seu profundo cariño cara aos galegos e cara aos composteláns, que gozan do especial amparo do Real Padroado da Cidade de Santiago, impulsor durante a última década das actuacións que permitiron a brillante e exemplar rehabilitación da nosa cidade histórica.

Somos pois afortunados anfitrións, non só dos Reis senón tamén de todos os que desexan unirse a nós nestas datas, e especialmente daqueles que, con esforzo e ilusión, rematan a súa longa peregrinaxe nesta praza do Obradoiro desbordada polo gozo e a ledicia.

O 25 de xullo é tamén o Día de Galicia, e Compostela convértese no escenario plural de expresión para as diversas visións do pobo galego. Pobo que comparte un mesmo afán de solidariedade e unha mesma procura de convivencia e benestar.

Anímovos, pois, composteláns a facer de Compostela nestas datas fogar de todos, lugar onde ninguén se sinta estraño nin alleo e pídovos as miña sinceras desculpas polas molestias e alteracións da vosa vida cotiá durante estes días por mor dos actos que imos compartir.

Convídovos tamén a expresar o noso agradecemento coa máis calorosa benvida ás Súas Maxestades, coas que temos a impagábel débeda de que esta cidade viva unha magnífica época de esplendor da que todos podemos sentirnos lexitimamente orgullosos.

Co meu agradecemento,

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2004